

O Gherreiro pequeno

Nº 2. Abril 2017

Entroido '17


O pasado 24 de febreiro celebrouse o entroido no IES Lamas de Castelo, un acontecemento moi esperado por todo o alumnado do centro. Este ano houbo cinco grupos que participaron no concurso de disfraces. A clase de 1º A recreou un encerro de San Fermín; a de 1º B representou unha película muda do famoso e coñecidísimo Charles Chaplin; a aula de 2º disfrazouse de boxeadoras e animadoras; a de 3º de osos panda, bailando a canción "Panda". Por último, os alumnos de cuarto representaron un día típico de praia.

Finalmente, algúns docentes e outros traballadores do centro, chegaron a conclusión de que todos o fixeran moi ben e por iso era moi complicada a elección dos gañadores, por todo isto houbo un empate no primeiro premio, 4º e 1ºA quedarían como gañadores do concurso '17.



Concurso de fotografía

O concurso de fotografía realizado no IES Lamas de Castelo non tivo moito éxito pois só catro persoas participaron dos 79 alumnos do centro. O xurado integrado por 5 persoas decidiu que o gañador deste concurso fose David, alumno de 3º. A foto foi tomada en Ximprón, concretamente na pedra de A Balea, en Lira. Felicidades ao gañador de parte dos membros colaboradores no EDLG. Neste concurso tamén temos que dar os parabéns o segundo e terceiro premio. Para finalizar parabéns a todos os participantes e para o ano seguinte esperamos máis participación por parte dos alumnos.



Concurso de adiviñas

Adiviña, Adiviñanza... O 2017 estreouse no noso instituto cunha novidade, o I Concurso de Adiviñas do IES Lamas de Castelo, impulsado desde a biblioteca escolar. Se ben ao principio a cantidade de participantes foi un tanto modesta, pouco a pouco foi prendendo o interese entre o alumnado por esta actividade, de maneira que incluso chegou a acadar éxito de participación, especialmente entre os rapaces e rapazas de primeiro ciclo. Non en van, as mozas e os mozos de 1.º e, sobre todo, de 2.º, acudían regularmente os martes e os xoves á biblioteca a fin de coñecer a nova adiviña.

Dado que as bases non especificaban nada contrario a esta circunstancia, a organización viuse sorprendida polas participacións colectivas, o cal comezou a se converter nunha constante. Non cabe dúbida de que o traballo en grupo axuda a superar as barreiras.

Velaquí as gañadoras e gañadores de cada día:

- Martes 17 de xaneiro: Xurxo, de 2.º.
- Xoves 19 de xaneiro: Quedou deserto por falta de participación.
- Martes 24 de xaneiro: Quedou deserto por falta de participación

- Xoves 26 de xaneiro: Rebeca, Lucía, María Sendón, María Trillo e Alba, de 2.º.
- Martes 31 de xaneiro: Leonardo Caamaño, de 1.ºA.
- Xoves 2 de febreiro: Xurxo, de 2.º.
- Martes 7 de febreiro: María Trillo, María Sendón, Rebeca e Alba de 2º, coa axuda de Lúa de 1.º A
- Xoves 9 de febreiro: Ainhoa, de 2.º.
- Martes 14 de febreiro: María Trillo e María Sendón, de 2.º.
- Xoves 16 de febreiro: Antía Formoso de 2.º e Chema, de 1.ºA
- Martes 21 de febreiro: María Trillo, de 2.ºA.
- Xoves 23 de febreiro: Marcos, de 2.ºA.

Parabéns a todas as gañadoras e gañadores!

Avisos

Se queredes mandarnos novas de interese para a sección **Sabías que...?** enviádeas ao correo:

revistaogherreiro@gmail.com

Dende o EDNL animámosvos a todos os alumnos a participar máis na revista.
revistaogherreiro@gmail.com